



POXA PÚBLICA PARA A COMPRAVENDA E/OU CONSTITUCIÓN DO DEREITO DE SUPERFICIE EN PARCELAS RESULTANTES DO PROXECTO DE PARCELACIÓN DA ZONA DENOMINADA ÁREA LOXÍSTICA EMPRESARIAL DA PLATAFORMA LOXÍSTICA E INDUSTRIAL DE SALVATERRA DE MIÑO - AS NEVES (PLISAN). EXPEDIENTE: PLISAN 2019/COMPRAVENDA-LE

ACTA DE APERTURA DAS PROPOSIÇÕES ECONÓMICAS (SOBRE B) E PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN: ORDE DO DÍA

1. Constitución da Mesa de licitación.
2. Apertura das proposicións económicas (Sobre B).
3. Acordos da Mesa: proposta de adxudicación.

1.- CONSTITUCIÓN DA MESA DE LICITACIÓN.

Data:	14/11/2019	Hora:	13:15 horas
Lugar:	Polígono de Fontiñas, Área Central S/N, 15702 - Santiago de Compostela		

No lugar, día e hora enriba indicados, constitúese a Mesa de licitación para proceder á apertura das proposicións económicas (Sobre B) dos licitadores que presentaron ofertas no expediente de referencia, publicado o 11 de xuño de 2019 no Diario Oficial de Galicia (nº 109).

PRESIDENTE	José Luis Estévez Sobrino	Xefe do Servizo de Xestión de Investimentos e Apoio Administrativo
VOGAIS	Roberto Barcia Casanova	Letrado. Asesor Xurídico do IGVS.
	M ^a Sagrario Roel Alonso	Xefa do Servizo de Coordinación e Supervisión do Control Financeiro Permanente de ATRIGA. Intervención Xeral.
	Rosa Eguizábal Gándara	Directora de Promoción Económica. Consorcio Zona Franca de Vigo
	Beatriz Colunga Fidalgo	Directora. Autoridade Portuaria de Vigo
	Javier Suárez García	Asesor Xurídico da Comisión de Seguimento da PLISAN
SECRETARIO	Jorge Outeiriño Santos	Xefe do Servizo de Contratación.

2.- APERTURA DAS PROPOSIÇÕES ECONÓMICAS (SOBRE B).

Comprobado polos membros da Mesa que o licitador ao que se lle requiriu o 23 de outubro de 2019 emendar a documentación administrativa, GRUPO TECNOLÓGICO ARBINOVA, S.L., presentou a documentación requirida en tempo e forma, o Presidente da Mesa declara aberto o acto público, procedendo a continuación o Secretario da Mesa á apertura das proposicións económicas (Sobre B), co seguinte resultado:

LICITADOR	PARCELAS SOLICITADAS	OPCIÓN	PREZO BASE (sen IVE)	PREZO OFERTADO (sen IVE)
GRUPO TECNOLÓGICO ARBINOVA, S.L.	LE – 4.2	Dereito de superficie	180.675,00€	182.533,90€
VALLEJO LOW COST, S.L.	LE – 4.1	Dereito de superficie	233.701,00€	233.702,00€
HIJOS DE CARLOS ALBO, S.L.U.	LE – 5.3	Dereito de superficie	1.040.557,00€	1.040.557,00€
	LE – 5.4		1.039.034,00€	1.039.034,00€
	LE – 5.5		1.183.211,00€	1.183.211,00€
	Oferta conxunta			3.262.802,00€





Concluída a apertura das proposicións económicas e dado que non concorren ofertas de máis dun licitador sobre unha mesma parcela, ao abeiro do disposto na Cláusula G do Prego de Condicións da poxa declárase rematado o acto sen que se celebre a poxa pública.

3.- ACORDOS DA MESA: PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN

De conformidade co anterior, ao abeiro do disposto na Cláusula I do Prego de Condicións da poxa, a Mesa de licitación acorda propoñer ao director xeral do IGVS, previo Informe da Asesoría Xurídica da Xunta de Galicia, a adxudicación das parcelas solicitadas aos licitadores seguintes:

PARCELA	SUPERFICIE M ²	ADXUDICATARIO	OPCIÓN	PREZO DE REMATE
LE – 4.1	3.325,44	VALLEJO LOW COST, S.L.	Dereito de superficie	233.702,00€
LE – 4.2	2.570,90	GRUPO TECNOLÓGICO ARBINOVA, S.L.	Dereito de superficie	182.533,90€
LE – 5.3	20.085,13	HIJOS DE CARLOS ALBO, S.L.U.	Dereito de superficie	1.040.557,00€
LE – 5.4	20.055,73			1.039.034,00€
LE – 5.5	22.838,68			1.183.211,00€
Oferta conxunta				3.262.802,00€

Por último, o Presidente levanta a sesión e dá por rematado o acto.

O PRESIDENTE

José Luis Estévez Sobrino

O SECRETARIO

Jorge Outeiriño Santos

